

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 17.06.2019

Nas dependencias do “Eurostar San Lázaro” de Santiago de Compostela, reúnese a Asemblea Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto, o día 17 de xuño de 2019, baixo a presidencia de D.Francisco Martín Micó e actuando como Secretaria a que é da mesma D^a Susana Fernández Fiuza. Asisten os membros que se relacionan ao final da presente. Dá comezo en segunda convocatoria coa orde do día que se indica:

1. Reconto dos membros asistentes
2. Aprobación da acta da sesión anterior.
3. Informe do presidente
4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2019/20, aprobadas por la Comisión Delegada.
5. Aprobación Normas para Competicións Oficias da FGB para a tempada 2019/20, aprobadas polo Comisión Delegada.
6. Aprobación do Calendario de Actividades 2019-20.
7. Contas anuais e liquidación do Orzamento do Exercicio 2018.
8. Orzamento de Exercicio 2019.
9. Ratificación dos Comités de Competición e Apelación.
10. Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente na segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 18,30 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto da orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:

A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 44 asembleístas, e informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

2. Aprobación da acta da sesión anterior:

A Secretaria informa aos asistentes que o acta está aprobada o non haber ningunha impugnación a mesma nos 30 días seguintes a súa remisión, tal e como recolle o Artº 63 dos Estatutos da FGB.

3. Informe do presidente:

O Presidente diríxese aos presentes e indica será breve e logo os diferentes responsables de áreas o farán máis en profundidade.

Sumamos hoxe unha temporada máis ao haber do Baloncesto galego. Cumprimos un novo ciclo competitivo especial pola confianza depositada de novo neste equipo directivo para seguir ao fronte desta federación.

A temporada á que hoxe poñemos peche trouxo consigo éxitos e sensabores para os nosos equipos. Con momentos para celebrar e outros non tan positivos deportivamente falando pero que sempre deben servir para levantarse, recalcular obxectivos e seguir. Todos os nosos equipos representantes nas diferentes competicións merecen o seu recoñecemento precisamente por iso, por abandeirar o esforzo e o respecto polo noso deporte.

Un fito puntual que tamén nos deixou ben ledos nesta temporada veu da man da medalla de Bronce que a nosa selección infantil feminina acadou no Campionato de España. O traballo deste equipo, así como o bo papel realizado polas nosas restantes seleccións, fainos remarcar aínda máis ese traballo diario dos clubs que antes sinalaba.

Penso tamén que debemos reflectir os outros pasos dados. Refírome ao ámbito arbitral no que temos aumentado a porcentaxe de altas, tanto de colexiados como de oficiais de mesa, en relación as temporadas pasadas. A nosa intención, ademais de seguir fortalecendo e renovando esta base da pirámide e a de seguir disfrutando tamén da actual boa saúde da nosa representación de árbitros e oficiais en competicións da Federación Española de Baloncesto, sen esquecer tamén o espazo que está a tomar, merecidamente, a figura da muller na faceta arbitral.

Continuaremos, pois, traballando para dar os maiores pasos positivos cara adiante que sexan posibles.

Area Deportiva

Múltiples campos de traballo seguen a protagonizar unha temporada máis o traballo da nosa área deportiva. Dende a propia evolución das competicións, da que sempre nos gusta remarcar a cada vez maior consolidación do Babybasket, ata a posta en marcha de actividades de tecnificación e formación que non deixan de crecer.

Salientar tamén o que xa pode considerarse unha pequena e satisfactoria tradición, a da celebración en Galicia dos Campionatos de Clubs Infantís. Acabamos de pechar este sábado en Marín, Lugo e Sarria unha nova edición dos mesmos e na que a capacidade organizativa dos nosos clubs volve a ser referente, felicitar os equipos galegos especialmente o Salesianos Ourense por acadar ese sexto posto e a Rosalía o e Básquet Coruña pola súa clasificación para octavos. Agradecer de novo aquí a todos os implicados polo seu esforzo. Isto debe ser tamén recoñecido como unha boa forma de darlle o valor que a nosa paixón polo baloncesto merece.

Igualmente, quero dar a importancia que merece ao apoio que, ano tras ano, se lle dá ao MINIBASKET E PREMINIBASKET dende o Concello de A Estrada e o club EDM Estradense, personificados ademais polo seu Alcade, José López Campos; e polo presidente do club, Alfonso SanMartín.

Area Arbitral

Como xa referín antes, e como explicará nu intre o noso Director Técnico do Comité Galego de árbitros, Miguel Ángel Pérez; vivimos nesta temporada un incremento dos nosos activos

nesta área, impulsado, por exemplo, por un novo curso da Escola Galega de Árbitros; e polos cursos de iniciación tanto presenciais como online. Os mesmos, nos que estamos tamén a analizar para poder melloralos, son unha aposta en firme para esta 2019 - 2020.

Area de Adestradores

De novo, un apartado do que estar moi satisfeitos. Creemos que estamos no bo camiño para ser a referencia formativa que merecen os nosos adestradores e adestradoras. As nosas accións neste sentido buscan seguir crescendo co apoio e colaboración de clubs e Concellos. . O II Día do Adestrador Galego, realizado coa importante colaboración de Basquet Coruña, é boa mostra do que somos capaces.

Así mesmo, non podemos mais que estar ledos pola boa acollida que tivo o primeiro ano de vida do noso Ciclo Inicial de Grado Medio, man a man co Colexio Manuel Peleteiro. O grado de satisfacción dos alumnos e alumnas permítenos acoller con gran confianza a que será a súa segunda temporada de vida.

Area Xeral-Administración

Revitalizar en cada momento a nosa capacidade de xestión administraba segue a ser prioridade para nós. Así mesmo, o contacto directo con todos os nosos federados non deixa de ocupar un espazo importante para nós, exemplificado esta temporada pola visita do Presidente FEB, Jorge Garbajosa, cita na que se reuniu con todos aqueles membros desta Federación que desexaran amosarlle as súas inquiredanzas.

Este aspecto máis humano, vinculado a avances dixitais, como a chegada da licenza dixital ou a acta dixital foron tamén un traballo realizado nesta temporada e que terá xa visibilidade case inmediata na que hoxe comeza

GRATITUDE

Non quero rematar sen agradecer, como cada ano, a todos os activos que fan posible que esteamos aquí traballando e defendendo o Baloncesto Galego: aos Clubs e a todo o seu entorno, integrantes e estrutura de traballo, alicerce fundamental do noso deporte.

Aos colexiados e oficiais, por ser parte fundamental de todo este motor.

As institucións públicas e patrocinadores que apostan e creen no valor do Baloncesto Galego.

E, finalmente, como sempre imprescindible, o meu agradecemento á xunta directiva e a o persoal FGB e ao seu traballo constante.

Grazas a todos tamén pola confianza depositada durante unha temporada máis e para un novo ciclo que se presenta apaixonante

Informe Area Deportiva

Carlos Colinas toma a palabra e fará un reflexo do que houbo nesta temporada.

As competencias da área deportiva son:

- 1.- Preocupación da tecnificación dos xogadores/as dende os PDC (entendendo que o traballo diario depende dos clubs).
- 2.- As seleccións autonómicas: participación nos campionatos cadete, infantil e Minibasket.
- 3.- Area adestradores: preparación cursos, formación continua, profesorados etc.

Tamén informa sobre o seguinte:

- Realización de PDC zonales de categoría Minibasket e Preminibasket.
- Realización de PDC de Tecnificación autonómicos de categorías Infantil, Minibasket, e Cadete de primeiro ano.
- Incorporación da persoa que coordina o minibasket e preminibasket.
- Realización do All Star categoría Pre-Infantil.
- Realización torneo coas seleccións Infantil de 1º ano a Portugal.
- Xornadas de Mellora Técnica de Xogadores/as no colexio Juniors en Santiago. Para nenos/as 2005-2008.
- Torneo Teresa Herrera para os Minibasket de 1º ano.
- Preparación das seleccións autonómicas Cadete, Infantil e Minibasket, cun número de xornadas de traballo adecuado con 18 adestradores.
- Os resultados das seleccións facendo fincapé na medalla de bronce da Infantil Feminina. Todas as seleccións xogarán no grupo especial o ano próximo.
- Interacción ca Area de Saúde: recoñecementos médicos a tódolos integrantes das seleccións galegas. Presencia de Fisioterapeutas nos adestramentos.
- Convenio inter-federacións para torneos preparatorios dos Campionatos de España de Seleccións con País Vasco, Castilla-León e Madrid.
- Colaboración con entidades e clubs para o apoio das iniciativas de formación de adestradores.
- Xornada de Harmonización.
- Xuntanza Minibasket e Preminibasket.
- Jamboree de Minibasket de Clubs.
- I Día do Adestrador Galego, celebrado en Coruña.
- Cursos de adestradores: 6 de iniciación con 150 alumnos.
- Formación continua para adestradores aulas formativas ou seminarios cun total de 4 charlas técnicas sempre contando cos clubs locais, especial referencia a celebrada en Lugo, por ser unha homenaxe a Cristina Seijo.
- As titulacións académicas: comezamos este ano o CAD Peleteiro-FGB o ciclo inicial de grado medido, que proseguirá a vindeira temporada co ciclo final do grado medio. Este curso de titulación académica é semipresencial.

Informe Comité Arbitros

Miguel Angel Pérez, toma la palabra e fai un pequeno resumo das actividades do comité de Arbitros que os asistentes poden ver na Memoria de Actividades da FGB que se pode ver na Web da Federación. Asímesmo informa dos seguintes puntos:

- Cambio organizativo e estrutural no CGAB, con sete responsables zonais.
- Clínic de Pretemporada de árbitros.
- Clínicos Autonómicos: Setembro e Decembro
- Xornadas técnicas formativas.
- Xornada Técnica para oficiais de ACB con motivo da celebración da Supercopa en Santiago.

- Clínic Nadal.
- Actividades formativas on-line: con informes de árbitros, video-test de oficiais de mesa FEB e árbitros, tamén a niveis zonais.
- ESGAR este ano con 24 alumnos e dirixida por Jacobo Rial. Dous árbitros da promoción da temporada pasada asistiron o Campionato de España de Seleccións no presente ano.
- Os árbitros galegos que asistiron as Fases Finais dos Campionatos de España: Supercopa Feminina (Paula Lema e Laura Piñeiro), Copa Raiña (Laura Piñeiro e Dani Pazos), Final da EBA (Jaime Alvarez e Elio Claveria).
- Xornadas Técnicas Formativas.
- Cursos de Formación On Line. Aumento dos cursos presenciais que dan mellores resultados que os On Line.
- Mellora do número de licencias este ano 696.
- Mellora dos encontros dirixidos por un só árbitro, que reduciuse de forma considerable, a pesar de que temos que todavía melloralo
- Agardar a colaboración dos clubs coas actividades técnicas formativas, o personal do CGAB así como o da FGB que traballamos xuntos para mellorar o arbitraje.

Informe Sinistralidade Seguro.

Toma a palabra a Secretaria Xeral e informa os asistentes sobre a preocupación pola subida da sinistralidade. Falaremos cos datos da temporada 17-18 que xa está casi totalmente pechada en canto a sinistros.

Na temporada en cuestión tivemos 696 sinistros o que representa un coste medio por sinistro de 553,59 €. O ratio de siniestralidade é do 120%.

51% do gasto que ten a compañía aseguradora son de sinistros de máis de 3.000. En varios casos o índice de gasto/licenza sinistro é alarmante (699,42€).

Con respecto a esta temporada e a data 30/04/19 as categorías que máis sinistralidade seguen tendo son a Junior e a 3ª división.

Informa tamén de que os datos por clube pódense solicitar por mail e se dará o gasto por sinistro.

Tamén informa que cos datos desta temporada 18-19 a data de 30/04/19 xa levamos 640 sinistros. Polo que a siniestralidade probablemente será do 122%.

Con estos datos a compañía Allianz propuso renovar a póliza cun 35% de aumento da mesma polo que esta federación ha decidido cambiar a compañía de seguros a AXA. Esta compañía nos mantén o precio deste ano e baixa a cotización dos adestradores, delegados e oficiais de mesa.

A secretaria solicita os clubs que poñan especial empeño en vixiar os partes que se dan para evitar, na medida do posible que se produzan casos irregulares.

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e disciplinario da FGB 19/20.

A Secretaria indica aos asistentes que no hai unha serie de enmendas que se remitiron nun segundo mail porque viñan sinaladas polo remitente para o partado de "Rogos e Preguntas" pero foron consideradas enmendas (a excepción de dúas)

Artº 52 presenta a enmenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada. Apróbase por unanimidade

Artº 65 presenta a enmenda D. Enrique Alvarez-Ossorio, non está asumida pola Comisión Delegada por incumplir o artigo 22 e 27 contra a Lei do Deporte de Galicia e o RD 849/1993. A retira o enmendante.

Artº 66 presenta a enmenda D. Enrique Alvarez-Ossorio, a Comisión Delegada entende que non é unha enmenda se non un error caligráfico que xa está correxido.

Artº 80-85 presenta a enmenda D. Enrique Alvarez-Ossorio, está asumida pola Comisión Delegada. Apróbase por unanimidade.

Artº 178-183 presenta a enmenda D. Enrique Alvarez-Ossorio, non está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 3 Votos en contra: 25 Abstencións: 15
Queda rechazada a enmenda.

Regulamento Disciplinario

Artº 37 presenta a enmenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada. Apróbase por unanimidade

Artº 45 presenta a enmenda D. Enrique Alvarez-Ossorio, non está asumida pola Comisión Delegada. Despois de un pequeno debate a retira o enmendante.

Artº 69 presenta a enmenda D. Jorge López Mosquera, está asumida pola Comisión Delegada. Apróbase por unanimidade

5.- Aprobación Normas para Competicións Oficiais da FGB para a tempada 2019 -2020, aprobadas pola Comisión Delegada.

A secretaria informa das emendas presentadas

- Artº 1.1 presenta a enmenda D. Jorge López Mosquera. Retira a emenda
- Artº 2.5 e 3.5 presenta a enmenda D. Jorge López Mosquera están asumidas pola Comisión Delegada coa premisa de que a Fase Final se xogue en dous fins de semana. Apróbanse por unanimidade.
- Art 4.8 presenta a enmenda D. David Castañón GAdea está asumida pola Comisión Delegada, sempre que a redacción quede da seguinte maneira "A FGB poderá autorizar como día de xogo osluns, marates, mércores,

xoves o venres entre as 21.00 e as 22.15 hrs, sempre que na reunión de calendario se informe os equipos participantes e den a súa aprobación; no caso de non estar presentes os equipos deberá remitirse un mail para a aceptación dos horarios dos equipos que queiran xogar entre semana, que terán que contestar no prazo máximo de 7 días, se algún equipo non da a súa autorización o equipo deberá xogar en horario de sábado e domingo". Procédese a votación:

Votos a favor: 41 Votos en contra : 2 Abstencións:1
Queda aprobada a enmenda.

- Art 5 presenta a enmenda D. Javier Cotelo Rama asumida pola Comisión Delegada, sempre que o sistema de xogo sexa o mesmo que a 1ª división masculina.

Procédese a votación:
Votos a favor: 42 Votos en contra: 1 Abstencións: 1
Queda aprobada enmenda.

- Artº 7.7; 7.8 presenta a enmenda D. David Castañón Gadea, que retira o punto 7.7 sempre que a redacción quede da seguinte maneira "A FGB poderá autorizar como día de xogo os venres entre as 20.00 e as 21.30 hrs, sempre que na reunión de calendario se informe os equipos participantes e den a súa aprobación; no caso de non estar presentes os equipos deberá remitirse un mail para a aceptación dos horarios dos equipos que queiran xogar entre semana, que terán que contestar no prazo máximo de 7 días, se algún equipo non da a súa autorización o equipo deberá xogar en horario de sábado e domingo". Procédese a votación:

Votos a favor: 43 Votos en contra : 1 Abstencións:0
Queda aprobada a enmenda.

- Artº 8.1;10.1 presenta a enmenda D. Anselmo Noya. A retira.
- Artº 11.6;13.6;15.6;17.6 presenta as enmendas D. Jorge López Mosquera, están asumidas pola Comisión Delegada coa premisa de que a Fase Final se xogue en dous fins de semana. Apróbanse por unanimidade.
- Artº 19 presenta a enmenda D. David Castañón GAdea. A retira.
- Artº 19 presenta a enmenda D. Jorge López Mosquera está asumida pola Comisión Delegada coa premisa de que a Fase Final se xogue en dous fins de semana. Apróbanse por unanimidade.
- Artº 21.3; 22 presenta as enmenda D. David Castañón Gadea. As retira.

- Artº 22 presenta a enmenda D. Jorge López Mosquera. Asumida pola comisión Delegada. Apróbase por unanimidade.
- Artº 22.4 presenta a enmenda D. Anselmo Noya. Non asumida pola comisión Delegada. Despois dun debate e tras o compromiso da Xunta directiva da FGB da revisión dos campos de Minibasket para ver si hai moitos campos nesta situación, o enmendante a retira.

6.- Aprobación do calendario de Actividades 2019-20.

S informa por parte da Secretaria da remisión dunha na que se especificaba as novas directrices do seguro do xogade. Tamén as pautas a seguir para que calquera torneo organizado por un club puidera estar dentro do calendario de actividades da FGB.

Tamén se informa que se remitiu no seu día o calendario de actividades da FGB. Este calendario poderá modificarse a lo largo da temporada para poder facer esto a xunta directiva propón a asemblea que faculte o comité de actividades da FGB a modificar o citado calendario as veces que sexa necesario.

Apróbase por unanimidade o calendario de actividades 19-20 e facultar o comité de Actividades da FGB para a súa modificación o largo da temporada.

7.- Contas anuais e liquidación do orzamento de exercicio 2018

Antes do comezo da exposición e explicación das contas do exercicio 2018 se explica que o estar de baixa médica o Tesoureiro fará a presentación o Tesoureiro en funcións, D. Gonzalo Rodríguez, por parte deste quere indicar aos asistentes que as contas do exercicio indicado están Auditadas, e tamén informa que se lle remitiu a tódolos asembleístas o informe do mesmo así como as contas anuais.

Seguidamente explica aos asistentes as contas, así como a liquidación de exercicio 2018. Fai un percorrido por todas as partidas que compoñen este capítulo, do que todos os asembleístas teñen coñecemento e que se lles enviou xunto a convocatoria da asemblea.

Pásase a súa votación:

Votos a favor: 35 Votos en contra: 0 Abstencións: 7
Non exercen o seu dereito a voto 2 persoas.

Quedan aprobadas as contas do exercicio 2018.

8.- Orzamento de Exercicio 2019.

A Secretaria explica aos existentes que o Orzamento do 2019 xa foi aprobado na Asemblea Extraordinaria de xaneiro do 2019, para dar cumprimento a Lei do Deporte de Galicia.

9.- Ratificación dos Comités de Competición e Apelación .

O Presidente informa aos asistentes que para a tempada 2019/2020 ratifica nos seus cargos aos responsables actuais dos Comités Xurisdicionais da Federación: D. Juan Rey Couselo no Comité de Competición e Dona. Mercedes Salmonte Couso no Comité de Apelación.

Pasase a súa votación:

Votos a favor: 41 Votos en contra: 1 Abstencións: 0
Non exercen o seu dereito a voto 2 persoas

Apróbase a ratificación dos nomeamentos dos Comités de Competición e Apelación.

10. Rogos e Preguntas.

A secretaria informa do sistema a seguir para este punto de rogos e preguntas no que se fará dos roldas de preguntas.

Hai un rogo que remitiu D. Enrique Alvarez-Ossorio sobre a presentación dos estatutos da Asociación Galega de Arbitros e Oficiais de baloncesto. Solicítase que se leve o rexistro da Federación. O Presidente da Federación agradece a inqueda da formación desta asociación pero incide que o presenten xunto cos integrantes da xunta directiva da mesma. Dña. Noelia Rodríguez manifesta que tiñan previsto solicitar unha reunión co Presidente da Federación, pero están tratando de cadrar axendas entre os seus membros.

D. Leopoldo Ibáñez solicita que si co novo sistema de contabilidade no que xa poden ver as facturas na intranet da federación, se poidera enviar un mail cada vez que houbera una nova. Tamén solicita que nas competición antes podían sacarse todos os resultados dos equipos A secretaria infórmalle que pasará nota os deseñadores do programa para ver si é factible facelo.

O Sr. Ibáñez tamén prega que se faga un traballo cos medios escritos de comunicación para que salgan os resultados de máis competicións de baloncesto.

O Sr. Codesido fai un rogo, que sabe que é difícil, que cando se fagan os grupos de 2ª división que se procure que as competicións duren o máximo posible. A secretaria toma nota e indícalle que o comité de actividades fai o posible por facelo e que incidirá neste tema.

O Sr. Sama cree que na categoría infantil os PDC autonómicos quedan un pouco vacía. Tamén indica que deberían dividirse nas fases finais da Estrada (Minibasket e Preminibasket) as de 2ª división, que entende que deberían ser separadas, e que na pista que se xogan estas competicións desloquen un pouco esta fase final.

Tamen indica si é obrigatorio a presenza do delegado de campo nas competición de base (junior a premini) porque estima que o artigo do regulamento xeral non é craro. Dí tamén que hai árbitros que solicitan DC e outros non.

A secretaria indícalle que tanto para a federación como para o comité de competición está craro o club debe facer as funcións nestas categorías de DC co que ten que ter unha persoa que faga estas funcións durante o encontro.

O Sr. Pérez Pérez manifesta que o que ten que facer o árbitro e solicitar a presenza de DC e si non hai, debe reflexalo no reverso do acta. Se compromete a informar a tódolos colexiados sobre este tema, para que non se produzan estas diferenzas entre delegacións.

A secretaria tamén informa que con respecto a fase final de minibasket de 2ª división é que precisamente se “sentan importantes” o coincidir nestes dous días cos equipos de 1ª división. Asímesmo o campo está homologado pero trataremos de mellorar na medida do posible.

O Sr. Enrique Alvarez solicita si se poden enviar con anterioridade as presentacións que se fixeron por parte da área deportiva, arbitral, o seguro deportivo e a parte económica porque desta última entendeu moito mellor a presentación que o remitido por mail. A secretaria explícalle que no “pen” que se entregou a entrada da asemblea está a Memoria de Actividades da FGB, no que se reflexa parte destas presentacións.

O Sr. Cotelo pregunta si os seleccionadores están asegurados todas as horas cando se concentran coas seleccións e quen é o responsable nas horas que non están asegurados, contéstaselle que todo traballador ten un número máximo de horas de traballo o día e que polo tanto mentres os adestradores dormen non están asegurados, os responsables son os corpos técnicos da Federación. Entón o Sr. Cotelo pregunta quen é o responsable civil subsidiario, se lle informa que hai unha póliza de RC da federación que inclúe persoal e directivos. O Presidente infórmalle que o responsable é el.

O Sr. Reguera solicita que xa que se cambia o seguro federativo si sería posible cambiar o teléfono de forma que as licencias dos xogador@s que cubre o xogade teñan o teléfono do seu seguro. A secretaria informa que a temporada próxima vaise tratar que xa en todas as categorías sexan dixitales (as levardes no móvil). Tamén pregunta sobre en qué categorías vaise empezar coa acta dixital, o Sr. Pérez Pérez infórmalle que iniciarase nas categorías que teñen 3 oficiais de mesa (1ª Masc. e 1ª Aut.Fem.) casi con toda seguridade. Tamén pregunta sobre si vai facer algún cambio con respecto a Web e que salgan nas previas dos partidos os logos dos equipos. A secretaria toma nota e consultará coa empresa que leva o programa de xestión si se pode facer o que pide.

O Sr. David Castañón solicita que nos lugares donde se xoga o minibasket por concentración e non teñan oficiais de mesa se poida enviar unha persoa que controle que todas as actas se cubran e vaian da forma regulamentaria. O Sr. Pérez Pérez indica teremos que buscar a fórmula para xestionar esto.

O Sr. Díaz Rodríguez solicita que se aplique con máis dureza a norma de “defensa ilegal” nas categorías minibasket e preminibasket. Faise un debate sobre o particular e o Sr. Pérez Pérez indica que é difícil a aplicación de esta norma tendo en conta os colexiados que dirixen estes encontros que normalmente son noveles, pero que tomaremos nota para ver que solución se pode encontrar.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 21.33 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

Relación de Asistentes

E.D.M. Estradense (Alfonso Sanmartín Carbón)
ADC Dorna (Alfredo Padín Núñez)
C.B. Meco (Anselmo Noya Martínez)
C.B. Estudiantes Lugo (Arsenio Chapela Chao)
Obradoiro CAB (Miguel A. Fernández Rodríguez)
C.B. Artai (Joaquin Moreira Mira)
C.B. Fundación Acea da Má (David Castañón Gadea)
C.B. San Pelayo (Jesusa Archa Pichel)
C.B. Basquet Coruña (Juan C. Fernández Herrero)
C.B. Arxil (Lino Vázquez Sánchez)
C.B. Arteixo (Francisco Lozano Miranda)
C.A.B. Pontevedra (Francisco Villa Peñas)
C.B. Cambre (Javier Prieto Souto)
C.B. Breogán (Jesus Lázare Rincón)
C. Porriño Bto. Base (José C. Ruiz Juane)
C.B. Femenino Barco (José Luis Gómez Alvarez)
A.D.B. Fontiñas (José Dios Diz)
C.B. Valle Inclán (José M^a González Rodríguez)
A.D. Bosco Salesianos (José Valentin Pérez Vila)
C.D. Bosco (Juan C. Alvarez Pacios)
C.B. Xerión (Juan C. Ares Méndez)
C.B. Vedruna (Julio Feijoo Pardo)
C.B. Universitario Ferrol (Leopoldo Ibáñez Santiago)
C.B. Salesianos Vigo (Oscar Carbajo Lorenzo)
C.B. Redondela (Paula Fernández López)
E.B. Xlria (Primitivo Reguera Rodríguez)
A.B.O. (Roberto Blanco Rodríguez)
A.B. Xinzo (Rosa Morales Gómez)
C.D. Sagrado Corazón (Rubén Engroba Cabo)
C.B. Baiona (Severino Castiñeiras Iglesias)
Daniel López Illán (Arbitros)
Enrique Alvarez-Ossorio Laborde (Arbitros)
Judith Trasancos Blanco (Arbitros)
Noelia Rodríguez López (Arbitros)
José A. Vázquez Vázquez (Xogador)
Elena Arias Costa (Xogadora)
F.Gonzalo Seijo Rodríguez (Xogador)
Laura Alonso Fernández (Xogadora)
Jorge Ares Patiño (Xogador)
Javier Codesido Farto (Adestradores)
Javier Coteló Rama (Adestradores)
Jorge López Mosquera (Adestradores)
José A. Sama Díez (Adestradores)
Francisco Martín Micó (Presidente)

Relación de Invitados

Marcos Díaz Molk
Jesús Garrido Bailón
Jenaro Alonso Suárez

Patricia Gómez Álvarez
Javier López Rodríguez
Luis Miguel Gil Penín
Juan José Meilán Flores
Javier López
Javier Orosa
Oscar Díaz Rodríguez



VºBº O PRESIDENTE.

